

PARTICIPAR NUN FORO

Nos foros da Aula Virtual podes facer preguntas sobre as distintas materias, consultar dúbidas á profe, facer os teus comentarios...

Os foros móstranse coa icona  .

Os pasos que tes que seguir facer unha consulta ou comentario nun foro son:

1. Entra na Aula Virtual do cole como usuario identificado empregando o teu nome de usuario e o teu contrasinal. Se non te lembrás como se fai, consulta o manual “Como acceder á Aula Virtual como usuario identificado”.
2. Vai ao o curso onde se atopa o foro no que queiras facer a túa consulta ou comentario.



Neste foro podes realizar a túas consultas sobre o traballo na Aula Virtual

No exemplo o foro é “Foro de Dúbidas”

3. Pica sobre o nome do foro.

Na seguinte pantalla amosarase a información do foro (só se xa hai algún comentario no mesmo):

- Discusión; mostra o título da discusión, picando sobre el pódese ler o contido da mesma.
- Comezado por; nome do usuario que creou a discusión (comentario, pregunta...).
- Respostas; número intervencións que hai nunha discusión. Picando sobre o mesmo pódense ver todas as respostas.
- Último comentario; nome do usuario que fixo o último comentario neste tema de discusión e a data e hora da súa intervención.

FORO DE DÚBIDAS

Neste foro podes realizar a túas consultas sobre o traballo na Aula Virtual

Engadir un novo tema de discusión

Discusión	Comezado por	Último comentario
TITULO DO TEU COMENTARIO	 ALUMNO 1	ALUMNO 1 Lun, 14 de Set de 2020, 22:26

4. Pica no botón “Engadir un novo tema de discusión”.

FORO DE DÚBIDAS

Neste foro podes realizar a túas consultas sobre o traballo na Aula Virtual

Engadir un novo tema de discusión

5. Na seguinte pantalla móstranse varios apartados que debes cubrir:

- Tema; escribe o título que queres que leve o teu comentario.
- Mensaxe; no procesador de textos integrado escribe a túa pregunta, comentario, dúbida...

▼ O seu novo tema de discusión

Tema *

TITULO DO TEU COMENTARIO

Mensaxe *

☰ ☱ ☲ ☳ ☴ ☵ ☶ ☷
Párrafo ▼
B I
☰ ☱ ☲ ☳ ☴ ☵ ☶ ☷
🔗 🔌
🖼️ 🎥

↩️ ↪️
U ~~S~~ X₂ X²
☰ ☱ ☲ ☳ ☴ ☵ ☶ ☷
☰ ☱ ☲ ☳ ☴ ☵ ☶ ☷
A ▼
✂️ ▼
📐 📏 ?
➕ Ω

Fonte ▼ Tamaño ▼
<> 🏠 ⬆️ ⬆️
📣 Tx 📋 📋
🔄

ESCRIBE O TEU COMENTARIO, DÚBIDA, PREGUNTA...

PARTICIPAR NUN FORO DA AULA VIRTUAL

- Anexo; se o desexas podes engadir un ficheiro adxunto. Para facelo só tes que arrastralo enriba da frecha azul.



Os restantes apartados non é preciso que os cubras.

6. Pica no botón “Comentar no foro”.

7. Amósase unha pantalla na que se indica que o comentario engadiuse correctamente, que dispós de 30 minutos para facer cambios nel e que serás notificado cando algunha persoa responda ao teu comentario.

Pica en “Continuar”

O seu ficheiro engadiuse correctamente.

Ten 30 mins para editalo se quere facer calquera cambio.

ALUMNO 1 será notificado de novos comentarios en «TITULO DO TEU COMENTARIO» de «FORO DE DÚBIDAS»

EDITAR O TEU COMENTARIO

Unha vez que enviaches un comentario ao foro, podes editalo ou eliminalo nos 30 minutos seguintes, pasado este tempo non poderás facelo.

Para editar o teu comentario debes:

1. Entrar no foro no que está o comentario que fixeches. Segue os pasos indicados anteriormente.

PARTICIPAR NUN FORO DA AULA VIRTUAL

2. Pica no título da discusión que creaches e que queres modificar ou eliminar.

Discusión		Comezado por	Respostas	Último comentario
BENVIDA AO FORO		Loreto Brea González (Admin)	0	Loreto Brea González (Admin) Lun, 14 de Set de 2020, 22:36

3. Amosarase o teu comentario xunto coa información xeral do mesmo.

**BENVIDA AO FORO**
por Loreto Brea González (Admin) - Luns, 14 de Setembro do 2020, 22:36

Ola a todos/as.

Dende este foro podedes facerme as vosas consultas e comentarios.

Un saúdo

[Ligazón permanente](#) | [Editar](#) | [Eliminar](#) | [Responder](#)

- Se queres realizar algunha modificación no comentario tes que picar en "Editar" e abrírase a pantalla de creación do comentario pero no lugar de ter o botón "Comentar no foro" tes o botón "Gardar modificación" no cal debes picar para gardar os cambios no teu comentario.
- Se queres eliminar un comentario pica sobre "Eliminar"
Amosarase o teu comentario e a información xeral do mesmo. Pica en "Continuar" e o teu comentario será eliminado.

Confirmar

Confirma que quere eliminar este comentario?

VER E RESPONDER UN COMENTARIO DO FORO

No foro podes ver os comentarios feitos por outros usuario e se queres contestarlles.

1. Entrar no foro no que está o comentario que queres ver. Segue os pasos indicados anteriormente.

2. Pica no título da discusión que queres ver. No exemplo imos ver o comentario "Benvida ao foro"

Discusión	Comezado por	Respostas	Último comentario
BENVIDA AO FORO	 Loreto Brea González (Admin)	0	Loreto Brea González (Admin) Lun, 14 de Set de 2020, 22:36

3. Na seguinte pantalla amósase o contido da discusión coa súa información xeral (autor do comentario, data e hora da súa publicación no foro).

FORO DE DÚBIDAS

BENVIDA AO FORO

Presentar respostas de forma aninada

**BENVIDA AO FORO**
por [Loreto Brea González \(Admin\)](#) - Luns, 14 de Setembro do 2020, 22:36

Ola a todos/as.

Dende este foro podedes facerme as vosas consultas e comentarios.

Un saúdo

[Ligazón permanente](#) **Responder**

4. Se queres responder a ese comentario pica en "Responder".

Tras facelo amosarase a pantalla de creación do comentario.